

norma, para adapta-los seus estatutos sociais ó disposto neste regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Normativa básica.*

1. Conforme o establecido na disposición derradeira primeira, punto 1, parágrafo a), da Lei 30/1995, do 8 de novembro, as disposicións contidas no regulamento aprobado por este real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, excepto os seguintes preceptos ou puntos deles: artigo 5, puntos 2 e 3; artigo 6, último inciso do punto 3; artigo 8, inciso final do punto 2; artigo 14, parágrafo e) do punto 1; artigo 29 puntos 2 e 3; artigos 34 a 39; artigos 41 punto 2, 43, 47 e 48. En todo caso, as remisións a preceptos legais ou regulamentarios non básicos contidas en preceptos básicos non implicarán outorgarilles ós primeiros o carácter destes últimos.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das remisións ás disposicións declaradas de competencia exclusiva do Estado polo punto 2 da disposición derradeira primeira da lei ou á normativa de desenvolvemento das ditas disposicións.

3. Nos termos do artigo 69.2. a) e b) da lei, e coas excepcións que nelas se establecen, enténdense feitas ó órgano autonómico competente as referencias que neste regulamento se conteñen ó Ministerio de Economía e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Economía, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros, para realiza-lo desenvolvemento normativo das disposicións contidas no Regulamento de mutualidades de previsión social, en canto sexa necesario para a mellor execución e desenvolvemento del.

Dado en Madrid, o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

1412 REAL DECRETO 1437/2002, do 27 de decembro, polo que se adecúan as cisternas de gasolina ó Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre control de emisións de compostos orgánicos volátiles (C.O.V.). («BOE» 20, do 23-1-2003.)

O Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, regulou o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (C.O.V.), resultantes do almacenamento e distribución de gasolina desde unha terminal a outra ou dunha terminal a unha estación de servizo.

Por outro lado, a aplicación da Orde do 16 de outubro de 1996 ás novas cisternas fabricadas desde o 5 de maio de 1997 foi positiva na regulación do transporte

de gasolina para a retención dos vapores volátiles das gasolinas nos depósitos.

O proceso de descarga das cisternas nas estacións de servizo observouse que comporta riscos de fuga de vapores. O mesmo ocorre no caso dos vagóns cisternas cando descarguen en terminais de distribución que non teñan recuperación de vapores.

Estas circunstancias requiren a adopción de medidas técnicas para as cisternas existentes en circulación, en canto a que foron construídas con anterioridade ó 5 de maio de 1997, e esixi-lo cumprimento do artigo 5 en relación co anexo IV do Real decreto 2102/1996 ás cisternas modificadas ou que se modifiquen nun futuro, para a carga polo fondo.

A presente disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998.

Este real decreto dítase ó abeiro das competencias exclusivas estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e tráfico e circulación de vehículos de motor establecidas polos artigos 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto é aplicable ás cisternas existentes (vehículos cisternas e vagóns cisternas, contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas) para o transporte de gasolina adaptados para a carga polo fondo ou que se modifiquen para a carga polo fondo e que foron construídos con anterioridade ó 5 de maio de 1997.

2. Non poderá realizarse ningún transporte de gasolina en cisternas ou vagóns cisterna, contedores cisterna ou caixas móbiles que non se adecúen ó establecido neste real decreto.

Artigo 2. *Recoñecemento de normas técnicas equivalentes.*

Os vehículos cisternas e vagóns cisternas, contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas para o transporte de gasolina procedentes de estados pertencentes ó espazo económico europeo poderán cumprilas normas establecidas neste real decreto ou outras normas técnicas equivalentes.

Artigo 3. *Requisitos que deben cumprilos vehículos cisterna de estrada para o transporte de gasolina.*

Os requisitos que deben cumprilos vehículos cisternas de estrada para o transporte de gasolina serán os que se especifican no anexo 1 deste real decreto.

Artigo 4. *Requisitos que deben cumprilos contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas que transporten gasolina.*

Serán de aplicación ós contedores cisternas ou caixas móbiles cisternas que transporten gasolina as disposi-

cións do artigo 3 deste real decreto nas condicións e na medida que determine a autoridade competente, tendo en conta as súas características peculiares.

Artigo 5. *Requisitos que deben cumprir-los vagóns cisternas para o transporte de gasolina.*

Os requisitos que deben cumprir-los vagóns cisternas para o transporte de gasolina son os especificados no anexo 2 deste real decreto.

Artigo 6. *Réxime sancionador.*

Cando exista incumprimento do establecido neste real decreto, será de aplicación o establecido nos artigos 31 e 34 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Disposición transitoria única. *Período de adaptación.*

As cisternas existentes, equipadas con dispositivos para a carga polo fondo, destinadas a transportar gasolina, deberán adaptarse ás prescricións deste real decreto no prazo de catro anos, contados desde o día da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro das competencias exclusivas estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor establecidas, respectivamente, polos artigos 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Ciencia e Tecnoloxía,
JOSEP PIQUÉ I CAMPS

ANEXO 1

Requisitos que deben cumprir-los vehículos cisterna de estrada para o transporte de gasolina

1. Válvulas de cinco efectos: haberá unha válvula por cada compartimento da cisterna e das características seguintes: presión (220-275 mbar), aireación (90-55 mbar), de depresión (10-15 mbar), antienvorcadura (27^o-37^o) e gradicela apagachamas ó exterior das saídas da válvula e diámetro 2,5" de paso, como mínimo. Colocarase unha válvula por compartimento e esta levará incorporado sempre un deflector antiondas.

Inicialmente, e despois de cada tres anos, probaranse as válvulas nun banco de probas unha vez que fosen desarmadas, limpadas e voltas a compoñer.

O organismo de control emitirá un certificado de que cada válvula cumpriu, se é o caso, satisfactoriamente

a proba seguinte: proba de apertura á presión de aireación coa válvula en posición vertical, a 55-90 mbar, comprobando a estanquidade da válvula e, polo tanto, que por debaixo desta presión queda cerrada.

A continuación, vólvese inxectar aire entre 55-90 mbar para abrila na fase de aireación e, a continuación, inclínase ata que deixe de saír aire, comprobando que o ángulo en que isto ocorre está comprendido entre 27^o-37^o e que ó aumenta-la presión, se abre completamente a fase de gran caudal da válvula a 220-275 mbar.

A continuación, báixase a presión e, en posición vertical, someterase a unha presión de 220-275 mbar suficiente para que abra a fase de gran caudal da válvula.

Comprobarase ó cerra-la subministración de aire a estanquidade da válvula a 220 mbar, como mínimo.

Finalmente, comprobarase o funcionamento da válvula a depresión polo procedemento adecuado.

O referido certificado deberá xuntarse á documentación necesaria para a renovación do certificado trianualmente.

2. Válvulas de recuperación de vapores e o seu funcionamento, en relación coa válvula de fondo: haberá unha válvula por compartimento da cisterna.

Estas válvulas deben estar cerradas cando a cisterna está circulando, e abertas cando a válvula de fondo ou obturador interno da cisterna ou compartimento estea aberto. O sistema de accionamento poderá ser mecánico ou pneumático; deseñarse de forma que a válvula de fondo non se poida abrir se a válvula de recollida de vapores non está aberta. Debe ser estanca á presión de proba da cisterna ou compartimento.

3. Tapín: constitúe a boca de inspección; actuará como válvula de sobreenchido de líquido, a 250-280 mbar. O diámetro desta boca de inspección será, como mínimo, de 250 milímetros aínda que a autoridade competente poderá autorizar outro diámetro xustificadamente.

Co obxecto de asegura-la estanquidade do tapín durante o transporte e descarga, colocarse un cerramento adecuado, por medio dun encravamento mecánico da ponte de cerramento do tapín, de accionamento manual, que será unha porca soldada na cara inferior da ponte previamente tradeada cunha biela en forma de parafuso roscado de M. 16 como mínimo, maneral e cable de fixación do parafuso á ponte, de forma que ó axusta-la biela queda suxeita a ponte á sobreponete e fai tope sobre o tapín quedando bloqueado o sistema. Tamén se aceptará outro sistema similar equivalente autorizado previamente pola autoridade competente.

Non obstante, no caso de que os tapíns sexan de fundición de aluminio e debido á imposibilidade de realizar soldaduras neles, o citado encravamento poderá ser substituído por un novo resorte que funcione a 500 milibares + 7 por 100, en lugar do resorte que leve o tapín que se vaia modificar.

No caso do encravamento mecánico, este estará accionado durante as operacións de transporte e descarga da cisterna. Ademais o tapín non se poderá abrir mentres non estean abertas as válvulas de fondo-recuperación de vapores e de apoio de descarga, debido á presión remanente no interior do depósito.

Malia o anterior, en lugar dos dispositivos manuais citados, poderase colocar un sistema de cerramento por pistóns de accionamento pneumático ou doutro sistema equivalente mecánico ou pneumático, que terá a función de bloquea-la ponte de cerramento da boca de inspección (tapín), impedindo a súa apertura durante a operación de transporte e descarga. A estanquidade do tapín durante o transporte e a descarga estará asegurada polo sistema de cerramentos manuais ou sistema pneumático de efecto equivalente, de forma que se garanta a estan-

quidade para 0,4 bares para líquidos e 0,2 bares para aire comprimido.

Ademais, periodicamente, o responsable da cisterna debe comproba-lo correcto funcionamento dos dispositivos de bloqueo do tapín, tanto no caso dos cerramentos manuais como dos de accionamento pneumático, tendo moito coidado en ámbolos casos, e en especial no caso dos primeiros, de que estean abertos en cada posición de carga da cisterna.

4. Boca de home: a tapa da boca de home levará un dispositivo de descompresión para facilita-la apertura sen perigo da boca, que será aprobado pola autoridade competente e que, en ningún caso, se poderá accionar unicamente por presión externa.

5. Válvula de apoio para descarga: esta válvula debe estar situada ó final do tubo colector de recollida de vapores na parte do mesmo, situada na parte superior da cisterna, de forma que poña en contacto a atmosfera co colector. Será de mando pneumático e estará cerrada cando a cisterna estea en movemento e será de fácil desmontaxe.

A válvula de apoio para descarga poderá ser:

a) De accionamento pneumático a través dun «interlock» de maneira simultánea á apertura de calquera válvula de recuperación de vapores e de fondo dun depósito.

Ademais, poderase accionar tamén pneumáticamente a través dun pulsador manual independente directo, de forma que permita a despresurización simultánea do compartimento ou dos compartimentos, para poder proceder ás aperturas dos tapíns de boca de home sen perigo, ou para permiti-la ventilación do compartimento ou dos compartimentos da cisterna nunha zona xeográfica na que non sexa prexudicial para a saúde a súa emisión ou para o ambiente, co obxecto de cambiar de produto no citado compartimento ou compartimentos, manténdose o pulsador encravado só mentres non se accione algún «interlock» descrito no punto anterior; neste caso, a válvula de apoio pasa a estar aberta por acción do «interlock» e non do pulsador manual directo que queda desenclavado.

b) De accionamento mecánico.

Esta válvula cerrarase polos seguintes mecanismos:

Cando se deixe de acciona-lo «interlock» de apertura da válvula de recuperación de vapores e fondo descrita no primeiro parágrafo anterior de tódolos depósitos.

Cando se conecte a ensamblaxe de recuperación de vapores, accionando un «interlock» situado anexo á dita ensamblaxe, para a función de recollida de gases nos procesos de carga ou descarga.

6. Colector de recollida de vapores: constituírao un tubo-colector que nun punto próximo ó seu extremo teña unha saída de vapores por medio dun adaptador de 4 polgadas (100 milímetros), estando fixado este tubo adecuadamente á cisterna.

Este adaptador funcionará como válvula accionada a presión mecánica, pola ensamblaxe da manguera de recollida de vapores, e o seu resorte de cerramento será de fácil montaxe ou desmontaxe para permiti-lo uso do adaptador como sistema aberto en determinadas circunstancias. O citado adaptador será estanco ós vapores, cando non estea feita a ensamblaxe citada.

ANEXO 2

Requisitos que deben cumpri-los vagóns cisternas para o transporte de gasolina

1. Válvulas de cinco efectos: os vagóns cisternas con capacidade ata 60 metros cúbicos deberán ir equi-

pados cunha válvula de 2,5 polgadas (60 milímetros) de diámetro de paso. Os vagóns cisterna de maior capacidade deberán ir equipados cunha válvula que teña, como mínimo, unha sección que sexa proporcionalmente equivalente ó caso anterior, é dicir:

$$\text{Sección total} = \text{sección (2,5") }^3 \text{ volume total (m}^3\text{)}/60 \text{ (m}^3\text{)}$$

No caso de que non exista sección comercial da válvula que resulte do cálculo anterior, poranse dúas válvulas de cinco efectos de 2,5 polgadas (60 milímetros). No caso que se xustifique que non se poden colocar estas válvulas encima da tapa da boca de home, por exceder do gálibo autorizado, poderanse colocar estas na xeneratriz superior da cisterna, coa protección adecuada.

Non está permitido o uso de deflectores antionda.

2. Válvulas de recuperación de vapores: instalaranse con accionamento mecánico ou pneumático solidario co accionamento da válvula de fondo. Tamén será admitido o accionamento hidráulico ou pneumático único para ámbalas válvulas.

Estas válvulas irán conectadas con conexións flexibles ou ríxidas a un tubo colector de recollida de vapores. O diámetro de paso mínimo de saída das válvulas será de 2,5 polgadas (60 milímetros).

Estas válvulas poderán tamén colocarse na parte baixa da cisterna sobre o virol, cun tubo de conexión interno adecuadamente colocado, por exemplo, curvado seguindo a forma da cisterna, e que recolla os vapores da parte superior do vagón cisterna. Este tubo terá un purgador de líquido entre a ensamblaxe do tubo e a válvula de recuperación de vapores.

3. Tapín: está prohibido o seu uso, así como calquera tipo de cerramento similar.

4. Boca de home: está prohibido o uso de boca de home con flexe de cerramento e soamente se permite usar tapas de cerramentos aparafusables ou de rosca de ás e de grosor de 6 milímetros de aceiro doce ou grosor equivalente se se trata doutro material, segundo fórmula do marxinal 6.8.2.1.18 do RID, Regulamento concernente ó transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID), contido no anexo I do apéndice B do convenio relativo ós transportes internacionais por ferrocarril, feito en Berna o 9 de maio de 1980 (COTIF).

5. Colector de recollida de vapores: utilizarase un tubo colector de vapores fixado adecuadamente á cisterna e de sección de 4 polgadas (100 milímetros), para o cal, se este non vai na parte superior da cisterna por fóra, se disporá do tubo colocado adecuadamente no interior a ela, e que ademais o orificio do extremo do tubo de entrada de vapores estea enrasado coa xeneratriz superior do virol podendo por tanto atravesalo noutro punto, sempre que a parte que sobresaía estea nunha posición protexida. No seu extremo levará ensamblado un adaptador da mesma sección do tubo, aínda que opcionalmente podería levar un adaptador que funcione como válvula accionada a presión mecánica para a ensamblaxe da manguera de recollida de vapores, e cun accionamento por resorte que será de fácil montaxe ou desmontaxe para permitir utilizalo como sistema aberto en determinadas circunstancias. En calquera caso, o adaptador citado terá un cerramento en forma de tapón roscado.

6. Válvula de apoio de descarga: aplicarase o indicado en anexo 1.5 deste real decreto, adaptado ás características do vagón cisterna, e en concreto colocarase na parte superior do vagón cisterna e a continuación da saída do tubo colector da válvula de recuperación de vapores, en forma de saída de «T» lateral do citado tubo colector, estando adecuadamente protexida.